

PROXECTO EDIXGAL

PROXECTO DO CENTRO

IES Nº1 DE A ESTRADA

Curso 2022/23

Táboa de contido

Táboa de contido.....	2
1.-Introdución descritiva do contexto do centro.....	3
O Centro.....	3
Ensinanzas impartidas no centro.....	3
ESTUDO DA SITUACIÓN ACTUAL.....	4
Clima interno do centro.....	4
Clima externo.....	6
2.-Xustificación da continuidade do Programa Edixgal.....	8
3.-Modelo organizativo para o correcto desenvolvemento do proxecto.....	11
4.-Experiencia educativa coas TIC no centro.....	17
5.-Actividades de formación permanente e outras relacionadas coas TIC desenvolvidas no centro ou polo profesorado do centro durante os últimos anos.....	19
6.-Recursos materiais (audiovisuais e informáticos) con que conta o centro e planificación do seu uso para a integración das TIC nas aulas.....	21
7.-Tipo de conexión á Rede Corporativa de Datos da Xunta de Galicia. Velocidade de baixada e subida real.....	22
8.-Procedemento para a avaliación interna do desenvolvemento do programa.....	23

1.-Introdución descritiva do contexto do centro

O Centro

IES Nº1 de A Estrada, de titularidade pública.

Nome do centro: INSTITUTO DE ENSINO SECUNDARIO. Nº 1

Código de Centro: 36020258

Situación A Estrada (Pontevedra)

Enderezo: Rúa da piscina, S/N, A Estrada. Código postal: 36680

Teléfono 886 151 031 Fax 886 151 038

e-mail: ies.numero1.estrada@edu.xunta.gal

A Consellería de Educación inaugurou no curso 1997-98 o IES Nº 1, iniciando o primeiro ano cos cursos terceiro e cuarto de ESO no edificio da biblioteca Municipal, pasando no curso 98-99 ao domicilio actual e desenvolvendo toda a oferta educativa.

O Instituto de Ensino Secundario Nº1 está situado na vila e Concello de A Estrada (Pontevedra), a medio quilómetro do centro urbano, na zona coñecida como A Carballeira. Forma, xunto cos outros dous institutos (IES Antón Losada Diéguez e IES Manuel García Barros) e a Academia Galega de Policía, unha pequena cidade escolar. Este feito determina un certo illamento da acción educativa en relación á vida social do Concello.

Ensinanzas impartidas no centro

- Educación Secundaria Obrigatoria

GRUPOS

1º curso: 2 grupos

2º curso: 2 grupos

3º curso: 2 grupos e un PDC

4º curso: 1 grupo

ESTUDO DA SITUACIÓN ACTUAL

Clima interno do centro

Alumnado.

O alumnado propio do IES provén das parroquias (Arnois, Castro, Oca, Loimil, Berres, Riobó, Remesar, Orazo, Santo Tomé de Ancorados, San Pedro de Ancorados, Curantes, Olives, Pardemarín, Rubín, Olives, Lamas, Callobre, Moreira, Vinseiro, Parada, Rivela, Codeseda, Arca, Souto, Sabucedo, Liripio, Nigoi, Ribeira, Cora, Santa Cristina de Veá, San Xulián de Veá, Couso, San Xurxo de Veá, San Andrés de Veá, Barcala, Santa Mariña, Frades) do Concello, polo tanto, fundamentalmente rural, cunha economía que se sustenta no traballo por conta allea, réxime especial agrario e autónomo, actividades industriais (basicamente no sector de transformación da madeira) e servizos. Estas características socioeconómicas podemos definilas do seguinte xeito: entorno rural de baixa ocupación humana, moi dispersa, carente de núcleos de poboación o suficientemente grandes para posibilitar equipamentos sociais, culturais e deportivos comparables ao entorno urbano ou semiurbano. Isto leva custos elevados para a prestación de moitos servizos e a inexistencia doutros.

A separación física entre o centro e os distintos lugares de residencia do alumnado supón tamén unha maior dificultade para o achegamento de pais e nais ao centro educativo e a súa participación na vida do mesmo. Os horarios de traballo da maioría da poboación fai que non se conte con horarios estables nos que se poida establecer un tempo de dedicación ao ámbito educativo dos fillos/as e se incremente a separación entre a educación institucional e a educación na familia.

A maioría do alumnado exprésase en galego na súa fala ou comunicación oral, aínda que para a comunicación escrita empregan algo máis, segundo o rexistro, o castelán.

A asistencia de alumnos inmigrantes é moi reducida.

As familias.

En xeral, a separación física entre o centro e o lugar de residencia, así como os horarios laborais dos responsables do alumnado, inflúe negativamente na participación na vida do centro. Para contrarrestar esta separación, as familias contan con diferentes canles de comunicación co centro:

- Todas as familias, ben sexa a nai, o pai, ou ámbolos dous proxenitores, teñen instalado no seu móbil a aplicación Abalar Móbil, que é unha ferramenta moi útil para a comunicación entre o profesorado e as familias.

- A páxina web do centro tamén achega ás familias as actividades que se realizan no centro así como información de interese.
- Todo o profesorado ten unha hora semanal de atención a pais e nais, así como unha dirección de correo electrónico que facilita a comunicación directa dos responsables co profesorado.

Teñen tres representantes no Consello Escolar do centro, ao que levan as súas inquiredanzas.

Existe unha Asociación de Pais/Nais de alumnos: ANPA A Carballeira.

O profesorado

O cadro de persoal de profesores do Centro presenta una grande estabilidade xa que a maioría ten destino definitivo.

No seo do Claustro existen, como na maioría de Centros, grupos con diferentes graos de implicación na vida escolar así como distintas sensibilidades sobre o sistema educativo en xeral.

Na actualidade o cadro de persoal é de 20 profesores, un dos cales, concretamente o de relixión, comparte centro co IES Antón Losada.

O persoal de Administración e servizos.

Está dividido en tres sectores (Conserxes, Persoal de Administración e Persoal de limpeza).

Cumpren coas súas funcións, sendo o seu papel básico para o bo funcionamento do Centro e a súa achega é importante tamén para un bo clima de convivencia.

Clima externo.

Contexto local.

O centro en xeral ten una boa imaxe. A percepción que se ten dende fóra é que funciona ben, aínda que sempre se poden mellorar certos aspectos.

Non existen conflitos importantes e a idea que hai é que se prepara ben ao alumnado.

Ao igual que ocorre na maioría dos centros, quizais exista unha visión de que se deberían buscar medios para incrementar o número de alumnado que titula na ESO.

O contorno no que se encontra o centro.

O Concello de A Estrada está situado a 22 quilómetros de Santiago de Compostela. É un centro dunha bisbarra chamada Tabeirós-Terra de Montes á que pertencen tamén os Concellos de Forcarei e Cerdedo.

O número de habitantes do Concello está arredor dos 20.400. Nos últimos anos hai unha evolución negativa da poboación, debido principalmente ao descenso da natalidade , e ao mesmo tempo un traslado da poboación rural cara á vila. Na actualidade o casco urbano concentra uns 10.000 habitantes.

O número de poboación inmigrante é pequeno e está concentrado sobre todo en comunidades marroquís, venezolanas e brasileiras.

A Economía da zona está baseada en grande medida no sector primario na produción agraria e gandeira, pero perdendo forza nos últimos anos.

No sector industrial domina o sector da madeira e moble, con altibaixos no emprego. Actualmente parece que se está recuperando emprego.

Pódese destacar tamén a importancia das empresas de transformación metálica e de construción.

No sector terciario de servizos hai que falar da existencia dun gran número de casa rurais, e de moitos comercios existentes no pobo.

É importante comentar que a maioría das empresas son de ámbito familiar, con pouca capacidade para crecer e desenvolver a súa produción cara ao exterior.

Á vista destes datos pódese deducir que non se trata dun concello especialmente desenvolvido, senón cun certo estancamento demográfico e económico e con poucas expectativas de cambios importantes nun futuro próximo.

En xeral o alumnado procede, na súa meirande parte, de familias de clase media-baixa.

2.-Xustificación da continuidade do Programa Edixgal

Neste curso 2022-23, o IES Nº1 de A Estrada continúa por segundo ano co a súa participación no Programa Edixgal. Este ano dito programa implementarase para o alumnado de 2º de ESO, para o vindeiro ano tamén se incorporará 3º ESO, e así ata que se complete o programa en 4º de ESO . Polo tanto, durante este curso 2022/23 teremos o programa EDIXGAL en 1º e 2º de ESO.

A solicitude de Edixgal fíxose tendo en conta os seguintes aspectos:

1. Entender a competencia dixital como unha aprendizaxe imprescindible para adquirir outras.

Atendendo á LOE, BOE do 4 de maio de 2006, no apartado de aspectos curriculares prescritivos faise referencia á adquisición por parte dos alumnos das competencias básicas, entre as que figura “**o tratamento da información e a competencia dixital**”. É considerada, xunto con outras sete competencias, como aprendizaxe imprescindible que os estudantes deben alcanzar ao rematar a ESO.

A competencia dixital é cada vez máis importante, non só como unha habilidade en si mesma, senón tamén facilitadora doutras habilidades como o traballo en equipo, aprender a aprender etc.

A competencia dixital non se logra de maneira automática coa utilización de ferramentas TIC, senón que é preciso acadar habilidades relacionadas con tales ferramentas, ademais dunha actitude crítica na creación e utilización de contidos, privacidade e seguridade, así como un uso ético e legal.

2. Necesidade de formación do profesorado para adaptarse ao coñecemento actual.

Segundo o informe elaborado pola Comunidade Europea no ano 2007 sobre as competencias básicas do docente, no que destaca “**o traballo co coñecemento, a tecnoloxía e a información**”, incídese na necesidade de formación do profesorado para adaptarse á sociedade do coñecemento actual. Non obstante, moitos docentes actualmente en exercicio recibiron unha formación pensada para a escola das últimas décadas do século XX.

A sociedade actual cambiou moito, de maneira que a formación permanente que a sociedade da información impón aos seus cidadáns tamén resulta indispensable para o profesorado de todos os niveis educativos. A competencia dixital debe ser parte da formación docente inicial e da súa formación permanente.

As reticencias que tiñan hai tempo moitos docentes cara ás TICs están mudando no noso Centro, especialmente ao termos que traballar on-line desde o 23 de marzo de 2019 como consecuencia da pandemia provocada pola COVID-19. Para iso, usamos principalmente a aula virtual do Centro. Cabe destacar que en xeral o profesorado vía con receo ou indiferenza o uso destes recursos. A orixe destas

actitudes negativas atopábase posiblemente na falta de destrezas a este respecto, pero pouco a pouco isto vai mudando, xa que agora constatamos que:

- Hai un dominio medio das TICs. Gran parte do profesorado fixo ou vai facer cursos de formación en TICs ou xa ten un nivel apropiado.
- Valoran positivamente as achegas das TICs e a súa importancia para toda a sociedade.
- Mudaron ou están mudando as reticencias iniciais sobre os efectos educativos das TICs, debido a que, co seu uso, poden verse as súas potencialidades.

A actitude positiva cara á innovación coas TICs vai medrando a medida que aumenta a súa formación instrumental e se descubren eficaces modelos de utilización das TICs que lle axuden realmente no seu labor docente.

Na actualidade unha parte do alumnado chega a primeiro da ESO con formación dixital (adquirida normalmente fóra do centro educativo) .

Os alumnos coñecen as posibilidades das TIC tanto fóra como dentro do contexto escolar.

Estes novos medios reclaman un novo tipo de alumno e de profesor, un alumno preparado para a autoaprendizaxe e un profesor que desenvolva o papel de titor do proceso didáctico.

3. Necesidade de proseguir cunha maior capacitación en TIC do profesorado

Este obxectivo perseguirase promovendo a adecuada formación dende o propio centro, incentivando o uso e a integración das TIC a partir da consideración das súas necesidades, orientada á acción práctica e, por suposto, facilitando os medios tecnolóxicos e un bo asesoramento.

4. Necesidade de cambios na metodoloxía: empezar a traballar doutra maneira.

O uso das TIC, das ferramentas 2.0, das pizarras dixitais interactivas etc. serve realmente para pouco se non se cambia a metodoloxía. Se seguimos a utilizar todos estes medios para perpetuar un modelo de ensino-aprendizaxe unidireccional onde as TIC sexan un simple apoio colateral aos procesos, para seguir facendo o mesmo de sempre, entón estamos desaproveitando todas as potencialidades das TIC.

As TIC sen a didáctica, sen a pedagogía non son nada. Non hai innovación sen uns adecuados enfoques pedagóxicos e metodolóxicos. As TIC deben estar ao servizo da didáctica e impulsar o cambio metodolóxico.

As TIC por si soas non xeran interacción entre o coñecemento e o suxeito.

A rendibilidade das TIC non só depende delas senón máis ben da súa adecuada utilización tanto por parte do profesorado como do alumnado.

5. A necesidade de introducir as TIC en contextos rurais.

Nun contexto rural como é o do IES Nº1 de A Estrada, a comunicación e o acceso á información, aos servizos e a determinados recursos vaise achegando pouco a pouco a un contexto urbano (aínda que faltan infraestruturas e hai necesidade de desprazamentos). Hoxe día, en calquera Centro de Estudos, e sobre todo nun centro de Ensino Secundario como o noso, é prioritario introducir as TIC na aula e sobre todo potenciar nos alumnos a necesidade da súa utilización.

6. Ampliación da dotación de recursos TIC ao centro

Esta ampliación considerárase non como un fin en si mesmo, senón como un medio para promover a inclusión e a cohesión social, fomentar a igualdade de oportunidades e compensar as desigualdades sociais.

A ampliación da infraestrutura tecnolóxica do centro é un medio para integrar a alumnos que proveñen de familias de nivel medio-baixo, e que en moitos casos actualmente se encontran en situacións económicas dificultosas, de zonas rurais etc.

7. Rendibilizar os recursos existentes no centro.

O IES Nº1 da Estrada ten unha dotación de medios audiovisuais significativa e unha utilización moi elevada dos medios dispoñibles por unha porcentaxe importante do profesorado.

A continuidade na rede de centro Edixgal contribuiría de xeito decisivo á integración plena das TIC na práctica educativa, ademais de fomentar o uso eficientemente os recursos dispoñibles

8. Evitar a desigualdade de oportunidades do alumnado

É responsabilidade do centro evitar a desigualdade de oportunidades de formación entre os alumnos e alumnas que se matriculan no noso centro fronte a quen decide facelo en outros IES da Estrada, que xa pertencen á rede de centros Edixgal.

3.-Modelo organizativo para o correcto desenvolvemento do proxecto

A normativa de uso e mantemento dos equipos de Edixgal, incorporada nas normas de convivencia, é a seguinte:

3.1.- NORMAS ESPECÍFICAS DE EDIXGAL'

As actuais aulas EDIXGAL de 1ºESO e de 2ºESO dispoñen, ademais do equipamento propio dun aula de grupo estándar, dun novo equipamento propio de calquera aula Edixgal:

- Unha pantalla dixital táctil
- Un proxector ultracurto.
- Un carriño de carga con todo o material necesario para traballar na aula Edixgal: un ordenador para o profesorado en cada unha das aulas, un rato para o ordenador do profesor en cada unha das aulas, un lapis para a pantalla dixital, o mando do proxector e cables de conexión.

O correcto emprego e a axeitada conservación do novo material de aula é responsabilidade do grupo que ten asignado dita aula polo que, ademais das habituais normas de funcionamento do grupo na aula, deberase cumprir as novas normas derivadas dun coidado básico do portátil, que se detallan no seguinte apartado.

3.2.- ASIGNACIÓN DE ULTRA-PORTÁTILES E COIDADOS BÁSICOS

O alumnado de 1º ESO, de nova incorporación, recibirá un portátil EDIXGAL (HP ProBook x360 11 G5 EE) que poderá levar a súa casa e traer cargado ao centro.

Este curso @s alumn@s de 2º curso da ESO utilizarán os portátiles Edixgal recibidos no curso pasado (Lenovo Yoga 11e 5th Gen). O alumnado repetidor de 2ºESO recibirá un novo equipo igual aos recibidos para 1ºESO.

Tanto o alumnado de 1º de ESO como de 2º de ESO son responsables do portátil durante toda a súa etapa educativa segundo os criterios do folleto explicativo do seguinte enlace:

https://www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/sites/espazoAbalar/files/folleto_edixgal_22_23.pdf.

3.2.1.-Coidados básicos do ultra-portátil E-Dixgal

- Cada alumno/a é responsable da custodia do ultra-portátil que se lle ten adxudicado, e debe telo sempre vixiado durante o horario lectivo.
- Este ultra-portátil vai identificado cunhas etiquetas. O alumno é responsable de que estas etiquetas non se estraguen nin se arrinquen.
- Cando se estea a traballar co equipo, deberá colocarse nun lugar estable a salvo de golpes, evitando posibles caídas de obxectos sobre el e de calquera outra circunstancia na que perigue a integridade física do aparello.
- Lémbrese que está prohibido comer e beber durante as clases, e por tanto tamén durante o traballo co ultra-portátil.
- O ultra-portátil debe ser transportado sempre con dúas mans, suxeitándoo pola base e/ou pola asa. Para transportar os portátiles EDIXGAL débese empregar a funda que se entrega co portátil.
- É importante evitar tocar a pantalla con calquera obxecto non axeitado para o traballo co ordenador.
- Evitar a exposición do ordenador ao sol, á auga ou ás fontes de calor como os radiadores.
- Para gardar o traballo cada alumno debería dispor dun lapis persoal de memoria que levará consigo en todo momento. Non obstante, serán habilitados outros sistemas de recollida da información no servidor do centro.
- O alumnado poderá traer ratos e auriculares para traballar co ultra-portátil, que serán da súa propiedade, responsabilidade e coidado.

3.2.2.- Normas de uso do ultra-portátil na clase.

- Antes de coller o ultra-portátil, os alumnos deixarán as súas mesas libres para evitar ter que colocalo en situacións de equilibrio precario.
- Sempre se collerá o ultra-portátil con dúas mans.
- O alumno non acenderá o ultra-portátil ata recibir a orde expresa do profesor ou profesora.

- Non se colocarán obxectos de ningunha clase sobre o ultra-portátil nin cando a tapa estea aberta nin cando estea pechada.
- A pantalla é táctil, polo que se deberá tocar con coidado, empregando o lapis específico do propio ultra-portátil se conta con el (equipos Lenovo) e que a súa vez deberá ser inserido correctamente no espazo habilitado para el.
- Cando o profesor teña que interromper o traballo do alumnado para dar unha explicación baixaranse as tapas dos ultra-portátiles sen chegar a pechalos de xeito que estes non entren en estado de suspensión.
- Cando se produza unha incidencia no manexo do ultra-portátil e o alumno/a precise axuda do profesor, avisarao procurando non interromper o traballo nin as explicacións que nese momento se estean a desenvolver na aula de clase.
- Cando o alumno/a teña que ausentarse temporalmente da aula, baixará totalmente a tapa do ultra-portátil para evitar posible golpes e aforrar batería. No caso de ausentarse ao final da clase, apagará e gardará o ultra-portátil.
- Cada alumno será responsable do correcto mantemento no escritorio dos cartafoles e arquivos da súa conta, velando pola súa orde e a súa conservación.
- Cada alumno será responsable tamén de gardar o traballo, e se é o caso, de apagar correctamente o ultra-portátil.
- O ultra-portátil é responsabilidade do alumno para o traballo de clase; ante calquera incidencia ou fallo deberán cubrir a ficha de incidencias coa axuda do profesor para o entregar ao responsable Edixgal
- Durante os recreos os equipos deixaranse na aula de grupo.
- Os alumnos e as alumnas teñen a obriga de cargar o seu equipo no seu domicilio para poder enfrentar a xornada do día seguinte sen que se esgote a batería. No caso de que se esgote a batería por non cumprir a anterior norma o alumno ao que se lle ten asignado o ultra-portátil deberá continuar a clase sen el.
- Os equipos son propiedade do IES/Consellería de Educación; queda prohibida a instalación de calquera programa, aplicación ou ferramenta tecnolóxica que non estea en relación directa co uso docente que se pretende con el.

- O feito de non aceptar estas normas ou de non as respectar trae consigo a restrición ou perda dos privilexios de acceso ao mesmo.

3.2.3.- Responsabilidades derivadas do mal uso do ultra-portátil. Prohibicións.

Cada alumno/a é totalmente responsable do que faga co seu ultra-portátil. Os puntos enumerados a continuación corresponden a diversas prohibicións relacionadas co mal uso das TIC, polo que a súa realización terá a consideración de falta grave ou moi grave e, en función das circunstancias na que se producen os feitos e das súas consecuencias, suporá a aplicación das correspondentes sancións contempladas na lexislación vixente e/ou nas normas de convivencia.

Como prohibicións destacan as seguintes:

- a) A utilización do ordenador doutra persoa sen permiso.
- b) Calquera intento de danar equipos, materiais, datos ou programas. Ademais, o vandalismo dará como resultado a cancelación dos privilexios de uso do ultra-portátil e a obriga de reposición dos custos orixinados pola reparación do hardware, software ou sistema.
- c) Os intentos de ver, copiar, modificar ou interferir o correo electrónico ou os ficheiros doutros usuarios.
- d) O emprego dunha linguaxe non apropiada (palabras malsoantes, insultos racistas e calquera outra expresión inadecuada).
- e) Transmitir ou ver imaxes obscenas ou material ilegal.
- f) Empregar a cámara de fotos do ultra-portátil sen permiso para realizar fotos dos compañeiros ou profesorado.
- g) Revelar información persoal.
- h) A falsificación ou o seu intento.
- i) Finxir ser outra persoa cando se envían ou reciben mensaxes.
- l) O uso do sistema/rede con propósitos ilegais.

3.3.- AVARÍAS DO ULTRA-PORTÁTIL NO CENTRO

En caso de avaría, virus, mal funcionamento ou actualización de software, hai que formatear ou clonar o ordenador; por iso deberase facer, de cada pouco, unha copia de seguridade das carpetas dos alumnos no pendrive que teñen que traer.

3.3.1.- Avarías comúns

a) No caso dos portátiles avariados, as familias contactaran so Servizo Premium para poder solventar o problema que provoca o mal funcionamento do equipo ou comunicarse a incidencia ao coordinador Edixgal do centro.

b) Por norma xeral, mentres o ultra-portátil estea en revisión/reparación, poderase decidir o emprego de algún dos ultraportátiles de reserva cos que conta o centro.

3.3.2.-Avarías debidas a uso indebido

a) Cando se detecte que a avaría do ultra-portátil ten a súa orixe nun uso indebido do mesmo, o ultraportátil non se lle devolverá ó alumno. Neste caso arbitraranse as medidas correctoras a que houberse lugar e recollidas nesta normativa ou nas normas de convivencia do Centro.

b) Cando se detecte que un alumno está a ter avarías graves debidas ao uso indebido ou ao coidado pouco esmerado, procederase a retirarlle o equipo polo tempo que se considere oportuno. En casos moi graves poderá ser suspendido definitivamente da participación no Proxecto Edixgal.

c) As avarías provocadas non están cubertas pola garantía, polo que se o servizo técnico comprobara que a avaría non foi fortuíta, serán os responsables do alumno ou alumna os que terán que pagar o custe da mesma.

d) Existe un seguro non obrigatorio para os portátiles EDIXGAL, segundo o folleto explicativo para as familias: https://www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/sites/espazoAbalar/files/folleto_edixgal_22_23.pdf

3.4.- DIRECTRICES E PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS

A usuaria/o que viole as directrices e os procedementos administrativos, estará suxeita/o á suspensión temporal ou definitiva dos seus dereitos de utilización do ultra-portátil e da rede/sistema, así como ás correspondentes sancións disciplinarias, recollidas no Regulamento de Réxime Interno ou nos procedementos legais oportunos.

O ultra-portátil é un instrumento de traballo escolar ao que se ten acceso polo feito de participar no proxecto abalar.

O alumnado e os seus pais ou titores legais admiten dende un principio as normas establecidas para o seu uso e, que o incumprimento das mesmas, pode ser obxecto dalgún tipo de sanción.

As sancións que se poderán contemplar, en función da gravidade do incumprimento son:

- a retirada de privilexios de utilización do ultra-portátil.
- a retirada do ultra-portátil por un tempo determinado.
- interromper a participación do alumno no proxecto.
- unha sanción económica que se determinará en cada caso tendo en conta a natureza e gravidade do desperfecto causado.
- calquera outra aprobada polo consello escolar e que se inclúa nas normas de funcionamento e convivencia do instituto.
- aquelas que a lexislación vixente determine especificamente.

4.-Experiencia educativa coas TIC no centro

A crecente presenza das TIC na práctica docente diaria é unha realidade. Facilita a achega aos alumnos dos distintos conceptos e procedementos, favorece o clima de traballo, posibilita un traballo máis flexible en canto a tempos e ritmos de aprendizaxe...

Esta realidade de **incremento na presenza das TIC na experiencia educativa** diaria notouse fortemente no noso Centro durante os últimos anos; cada vez existía unha maior demanda tanto do emprego dos recursos dispoñibles (aulas de informática, portátiles, canóns, pizarras dixitais,...) como da demanda de formación por parte do profesorado.

No tocante aos recursos dispoñibles, esta situación provocou que se habilitaran unha “segunda aula de informática” mediante a instalación en rede nunha aula do conxunto dos ordenadores portátiles. A dotación concreta e uso desta aula é a que se describe no apartado 6 deste documento, como aula de medios audiovisuais (aula 10). Tamén está previsto montar unha terceira aula de informática (aula 9) cos equipos sobrantes das outras aulas de informática e biblioteca (posto que as normas de seguridade e hixiene COVID-19, establecían unha distancia mínima entre alumn@s de 1.2 metros, co que tivemos que retirar equipos). Ademais temos previsto cambiar a distribución da aula-taller de tecnoloxía e levar tamén equipos para aula 9

Na Aula-taller de Tecnoloxía, organizouse un espazo para o emprego de ordenadores. Durante este curso, pensamos modificar a súa distribución, e volver a antiga de só aula e taller, posto que estaba sendo moi pouco utilizada a parte de informática, e así ganamos espazo para a aula e o taller, moi necesario para garantir a distancia de seguridade entre o alumnado.

Como consecuencia destas intervencións, no Centro contamos con 3 “espazos para o traballo TIC” cos alumnos, que a experiencia educativa diaria, ca forte demanda de ocupación dos mesmos, mostra que se están a utilizar case a pleno rendemento.

Durante o curso 2017/18 dotáronse as aulas de 3 e 4º de ESO co material do proxecto dos KITS DIXITAIS, que consta dun portátil para o profesor, un canón e a pizarra dixital. Dotáronse 4 áulas (dous terceiros e dous cuartos) co que se engadiron 4 portátiles para o profesor, 4 canóns e 4 pizarras dixitais

Ademais dispoñemos de 16 ordenadores de sobremesa correspondentes tamén o Proxecto dos KITS DIXITAIS. Ditos ordenadores colocáronse na aula de informática co que os que foron substituídos (máis antigos) colocáronse en outras aulas/dependencias do Centro.

Durante o curso 2021/22, chegaron 50 ordenadores **Lenovo Yoga 11e 5th** para @s alumnos de 1º de ESO (actualmente en 2ºESO) e 3 ordenadores portátiles **HP ProBook 450 G4** para o profesorado (1 por cada aula de 1º de ESO).

Este curso recibimos unha dotación de 47 portátiles **HP ProBook x360 11 G5 EE** para o alumnado xunto con 7 ordenadores **HP ProBook 450 G8** para uso do profesorado que imparte materias Edixgal.

Mencionar que ademais o centro leva comprando ordenadores de forma periódica, pois é necesario estar actualizados. Ditos ordenadores soen ser para o traballo diario do profesorado, conserxes , equipo directivo, etc e tamén para o alumnado.

Con respecto a **demanda de formación do profesorado**, notamos un crecente interese por mellorar e incorporar as TICs á práctica docente diaria: consultas sobre novas aplicacións e usos do equipamento realizadas ao Coordinador TIC, incremento de contidos na páxina web co Centro, cursos sobre o aproveitamento da aula virtual, asistencia a cursos de formación do profesorado por cada vez máis membros do claustro,...

Por todo o anterior, a continuidade no programa EDIXGAL do noso Centro sería o paso lóxico para poder seguir avanzando na incorporación das TIC e das súas vantaxes na experiencia e práctica educativa diaria.

5.-Actividades de formación permanente e outras relacionadas coas TIC desenvolvidas no centro ou polo profesorado do centro durante os últimos anos

1. Grupo de Traballo “RECURSOS TIC NA BIBLIOTECA ESCOLAR”, de Novembro do 2008 a Xuño do 2009 en A Estrada, por un total de 40 horas. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Xunta de Galicia.
2. Programa de aprendizaxe on-line permanente “Asociacións Escolares Comenius Multilaterais” INSPIRING, MOTIVATING, ART, GIVING, INTERACTING, NEVERENDING, EDUCATION (IMAGINE) que se celebrou en Santiago de Compostela, dende o día 1 de agosto de 2010 ata o día 31 de xullo de 2011, polo que se lle recoñecen 35 horas de formación do profesorado.
3. Proxecto de Formación e Asesoramento del Profesorado “INTRODUCCIÓN ÁS TIC. A WEB 2.0”. De novembro del 2010 a Xuño de 2011, por un total de 50 horas. No IES Nº 1 de A Estrada. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Xunta de Galicia.
4. “INTRODUCCIÓN A GNU/LINUX UBUNTU 10.4 NETBOOK”, de febreiro a marzo do 2011 que se celebrou no IES Manuel García Barros de A Estrada
5. Actividade “A Aplicación da Informática no Traballo de Aula. Elaboración de Materiais cos Novos Medios (dixitalización e tratamento de imaxes)”.
6. “Curso: Introducción ó Manexo de Ordenadores (manexo de ordenadores/internet)”. Actividade de formación do profesorado no Centro de Traballo. A Estrada. Marzo/Maio do 2001
7. Ademais de distintos cursos de formación realizados polo profesorado, que se poden consultar no Plan de Formación do Profesorado, realizados nos últimos anos. A maioría deles estaban dirixidos á formación na plataforma Moodle debido ao incremento do seu uso nos centros propiciado pola pandemia da COVID-19.
8. Durante este 2º curso en que o Centro forma parte do proxecto EDIXGAL, o coordinador EDIXGAL xa realizou o curso: Formación para persoas coordinadoras E-Dixgal. Tamén estamos realizando un SEMINARIO no noso Centro, continuación da formación iniciada o curso pasado, dentro das Actividades do Plan de Formación Permanente do Profesorado.

Os membros do claustro tamén aumentaron de maneira significativa as súas competencias dixitais en contidos como:

Uso de recursos didácticos on-line

Emprego das pizarras dixitais.

Uso dos netbooks

Utilización da Web 2.0

Elaboración, intercambio e emprego na aula de blogs educativos

Elaboración de blogs de aula

Uso do entorno Moodle e Edmodo

Comunicación e intercambio de materias co alumnado mediante contornos compartidos.

Emprego dos ordenadores no desenvolvemento cotiá das clases.

Elaboración de material audiovisual e multimedia con contido educativo, etc.

6.-Recursos materiais (audiovisuais e informáticos) con que conta o centro e planificación do seu uso para a integración das TIC nas aulas

No IES Nº1 de A Estrada dispoñemos de 20 canóns multimedia situados en aulas específicas e de docencia directa (9 nas aulas dos respectivos 9 grupos, resto (10) nas aulas específicas: Tecnoloxía, Biblioteca, Música, 2 aulas Audiovisuais, Informática, Plástica e Laboratorio e en distintas aulas de desdobres.

Hai tamén 1 pizarra dixital en cada aula de grupo (8 pizarras) ademais de outras 3 pizarras dixitais localizadas en aulas de desdobres e audiovisuais.

Nos horarios, á hora de asignar aulas, dásele prioridade de uso en primeiro lugar a materia específica e logo ao profesorado que utilice na súa materia as TIC.

Aínda así existen horas libres, e con tal motivo na sala de profesores existen uns libros semanais onde o profesorado se anota para facer uso dos medios existentes nestas aulas.

Nas correspondentes aulas cada alumn@ vai a ter un posto fixo que non vai cambiar a non ser que o profesorado o considere oportuno

Debido as normas de seguridade anti COVID-19, que establecían unha distancia mínima de 1.2 metros entre alumn@s, tivemos que cambiar a distribución dos ordenadores, así como o seu número en moitas dependencias do Centro, quedando da seguinte maneira:

-Aula de informática: 20 ordenadores de alumno e 1 ordenador de profesor. 16 dos ordenadores chegaron ó centro fai catro anos e correspondese o proxecto dos Kits Dixitais.

-Aula de audiovisuais 1 numerada como aula 9: 4 ordenadores para o alumnado que actúan como pequenos servidores de 14 clientes e 1 ordenador de profesor/a. Como dixemos anteriormente, esta distribución vai a cambiar. Como tivemos que sacar ordenadores doutras dependencia, algúns deles van a ir a esta aula

-Aula de Tecnoloxía: 14 ordenadores de alumno, 1 ordenador de profesor e 1 servidor para 6 clientes. Nota. Como dixemos anteriormente, esta distribución vai a cambiar

-Biblioteca: Un ordenador d@ profesor/a e 5 para o alumnado

-Aula de audiovisuais 2 numerada como aula 10: Un ordenador d@ profesor/a e 12 para o alumnado

- Aulas de primeiro e segundo da ESO dotadas con ordenador portátil d@ profesor/a así como os portátiles do proxecto EDIXGAL (1 portátil por alumn@ que o levará para a súa casa e o traerá todos os días cargado).

- Aulas de 3º e 4º ESO: 2 ordenadores portátiles correspondentes o proxecto kits dixitais (1 por grupo).

-Outras aulas específicas: Música, plástica, laboratorio, ximnasio e aulas de reforzo/desdobres 14 e 15: 1 PC en cada unha e 2 PCs na aula de Pedagogía terapéutica e 1 portátil na aula 12 para desdobres

- Tamén hai ultra-portátiles de reserva no armario-caixa forte de Secretaria e outros ordenadores propios para tarefas de administración e xestión e nalgúns departamentos.

Ademais hai ordenadores que se encontran en Conserxería, Administración e sala de profesores e anexos, despachos da dirección do Centro e Orientación que se utilizan para Xestión e Administración ou para o uso do profesorado

7.-Tipo de conexión á Rede Corporativa de Datos da Xunta de Galicia. Velocidade de baixada e subida real

Tipo: ADSL

Velocidade de baixada real: 98,0 Mbps

Velocidade de subida real: 98,3 Mbps

Estes datos foron obtidos coa aplicación web: <http://velocimetro.xunta.gal/> o día 19 de outubro de 2022 ás 13:05 da mañá nun ordenador da sala de profesores.

8.-Procedemento para a avaliación interna do desenvolvemento do programa

Continuarase co procedemento de avaliación realizado durante os cursos anteriores.

A avaliación é unha actividade ou proceso sistemático de identificación, recollida ou tratamento de datos sobre elementos ou feitos educativos, co obxectivo de valoralos primeiro e, sobre a devandita valoración, tomar decisións:

A avaliación interna é aquela que é levada a cabo e promovida polos propios integrantes dun centro, un programa educativo, etc.

Á súa vez, a avaliación interna ofrece diversas alternativas de realización: **autoavaliación, heteroavaliación e coavaliación.**

Na autoavaliación os avaliadores avalían o seu propio traballo (un alumno o seu rendemento, un centro ou programa o seu propio funcionamento, etc). Os roles de avaliador e avaliado coinciden nas mesmas persoas.

Na heteroavaliación aválíase unha actividade, obxecto ou produto, avaliadores distintos ás persoas avaliadas (o Consello Escolar ao Claustro de profesores, un profesor aos seus alumnos, etc.)

A coavaliación é aquela na que uns suxeitos ou grupos avalíanse mutuamente (alumnos e profesores mutuamente, uns e outros equipos docentes, o equipo directivo ao Consello Escolar e viceversa). Avaliadores e avaliados intercambian o seu papel alternativamente.

Segundo o momento de aplicación pódense distinguir:

a) Avaliación inicial: realízase ao comezo do curso académico, da implantación dun programa educativo, do funcionamento dunha institución escolar, etc. Consiste na recollida de datos na situación de partida. É imprescindible para iniciar calquera cambio educativo, para decidir os obxectivos que se poden e deben conseguir e tamén para valorar se ao final dun proceso, os resultados son satisfactorios ou insatisfactorios.

Precisamos coñecer o punto de partida na competencia TIC tanto do noso profesorado como do alumnado. Sabemos que nos atoparemos cunha forte diversidade no grao de competencia e emprego das TIC. Empregaremos unha enquisa para coñecer o punto de partida do alumnado, así como entrevistas persoais cos membros do claustro. Como somos un centro pequeno, cuns 22 profesores, estas entrevistas nos permitirán personalizar que quere chegar a facer cada membro do profesorado. Posteriormente poderíamos crear unha ficha para cada docente na que se plasmen cales son os seus obxectivos na mellora das competencias TIC para ese curso escolar.

b) Avaliación procesual: consiste na valoración a través da recollida continua e sistemática de datos, do funcionamento dun centro, dun programa educativo, do proceso de aprendizaxe dun alumno, da eficacia dun profesor, etc., ao longo do período de tempo fixado para a consecución dunhas metas ou obxectivos. A avaliación procesual é de gran importancia dentro dunha concepción formativa da avaliación, porque permite tomar decisións de mellora sobre a marcha.

A observación da práctica diaria, un caderno de seguimento do emprego dos recursos e os intercambios de información cos docentes segundo as fichas de obxectivos elaboradas, serían os instrumentos de avaliación que poderíamos empregar.

c) Avaliación final: consiste na recollida e valoración duns datos ao finalizar un período de tempo previsto para a realización dunha aprendizaxe, un programa, un traballo, un curso escolar, etc., ou para a consecución duns obxectivos.

Instrumentos de avaliación para este punto serían autoavaliacións para os alumnos e o profesorado sobre o grao no que se conseguiron os obxectivos, problemas atopados e posibilidades de mellora. Tamén contaríamos cunha enquisa da avaliación do curso de formación realizado polos docentes.

Outro instrumento de avaliación que queremos salientar sería un documento resumo coas incidencias e experiencias recollidas polo coordinador TIC no caderno de seguimento que atopamos no apartado b) anterior.

A Estrada, a 9 de novembro de 2022

O Coordinador do Proxecto Edixgal

Vº e Pr: A Directora

Asdo.: José Manuel Piñeiro Lourido

Asdo.: Beatriz Quintela Rúa